


75 aniversario do decreto de creación dos arquivos históricos provinciais



O documento

OURENSE. Arquivo Histórico Provincial. 1959

Proyecto del Archivo Histórico Provincial de Orense. Fachada a patio / el arquitecto F. Pons-Sorolla . – Escala 1 : 100 . – Madrid, 1959, outubro.

1 plano : ms., tinta sepia; 30,5 x 37 cm. En h. de 31,5 x 103 cm.

En: 1959. Proyecto para Archivo Histórico Provincial sito en cuerpo de edificio del antiguo Palacio Episcopal con entradas por la calle de Hernán Cortés y por el jardín. Arquitecto: Francisco Pons-Sorolla y Arnau.

AHPOu. Fondo Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Carp. 1

O día 12 deste mes conmemorouse o 75 aniversario da creación dos arquivos históricos provinciais. Tal día coma ese do ano **1931** publicábase na **Gaceta de Madrid** un decreto firmado polo ministro de Xustiza, o ministro de Belas Artes e o presidente do Consello de Ministros, no que se dispoñía a creación dun arquivo histórico en cada provincia española, coa finalidade de concentrar neles os protocolos notariais centenarios e a documentación histórica en risco de perecer dispersa por distintos arquivos e dependencias administrativas. A documentación producida e acumulada durante séculos por escribáns e notarios constituiría a base documental destes centros conservadores da memoria. Pero as boas intencións do decreto atoparon numerosas eivas que dificultaron a súa creación na maior parte das provincias españolas: insuficiencia orza-

mentaria, escaseza de persoal, falta de implicación das administracións locais (concellos e deputacións) ás que lles correspondía facilitar o inmovible e o equipamento do mesmo,...

O alzamento militar do 18 de xullo de 1936 e a **Guerra Civil**, que durante tres anos enfrontou aos españois, deixaron en suspenso o proceso de creación dos arquivos históricos provinciais.

En Ourense, pese a que o Arquivo Histórico Provincial non se fixo realidade ata **1943**, as xestións para a súa creación foron iniciadas no mesmo ano 1931 por unha **Xunta de Padroado** nacida para tal fin.


Ata 1964 non conta con edificio propio. Será o antigo palacio episcopal, rehabilitado para ese fin polo arquitecto **Francisco Pons-Sorolla**, autor do plano que reproducimos como documento de **Fron da** neste mes.

A Xunta de Padroado e as dificultades para a creación do AHP: 1931-1943

O decreto de 1931 encargaba a creación destes arquivos a unhas xuntas de padroado creadas para este fin. Estas xuntas estaban integradas por distintas autoridades locais (gobernador civil, alcalde e presidente da deputación), polos funcionarios do Corpo facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos na provincia, e por representantes de entidades culturais e educativas da cidade. Así, da xunta ourensá formaban parte **Marcelo Macías, Otero Pedrayo e Risco**.

Nin o alcalde da cidade nin o presidente da Deputación asistiron á primeira xuntanza, e como o decreto lles encomendaba a Deputación e Concello facilitar o local e o equipamento necesarios, a non implicación destas autoridades supuña o bloqueo da creación do arquivo.

Houbo que esperar á conclusión da **Guerra Civil** para que retomase as xestións **Jesús Ferro Couselo**, recentemente chegado a Ourense como funcionario do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, e, como tal, xefe do Arquivo da Delegación do Ministerio de Facenda. Dado que a consecución dun local propio seguía sendo un obstáculo dificilmente superable, optouse por constituír o Arquivo Histórico Provincial nos locais do Arquivo de Facenda. En **1943** nacíu o AHP de Ourense tomando como documentación fundacional os fondos das institucións relixiosas desamortizadas no século XIX conservados no devandito Arquivo de Facenda.



Os primeiros ingresos

A pesar de que o decreto de 1931 dispoñía que os **protocolos notariais** con máis de cen anos (salvo os das capitais dos colexios notariais) fosen depositados nos arquivos históricos provinciais, e de que os notarios ourensáns estaban dispostos a entregalos, estes fondos non puideron ingresarse cando foron solicitados en 1944 polo director do AHPOu debido á negativa do presidente do Colexio Notarial da Coruña a dar a preceptiva autorización.

Sen embargo, nos primeiros anos de existencia deste arquivo entraron fondos notariais por outra vía: o **marqués de Leis, D. Isaura Pardo**, fora adquirindo ao longo da súa vida protocolos notariais de distintos distritos, e tras a súa morte, e en cumprimento do seu desexo, foron entregados ao AHPOu. Posteriormente recibírase da mesma familia a doazón do fondo dos marqueses de Leis.

Nos anos seguintes ingresará o fondo do Xulgado de 1ª Instancia, e será depositado o do **Concello de Ourense**.



A nova sede

A instalación do AHP nas dependencias do Arquivo de Facenda fíxose con carácter provisional, se ben esta interinidade prolongouse máis anos do esperado. En 1950 acórdase a compra do antigo palacio episcopal para uso cultural. En 1959 o arquitecto **Pons-Sorolla** entrega o proxecto de rehabilitación, comezando as obras polas reformas necesarias para albergar o Museo Arqueolóxico. As obras das dependencias destinadas ao Arquivo non remataron ata finais de 1963. Nos primeiros anos de **1964** inaugúrase a nova sede, o que supón unha mellora substancial das condicións do centro para a documentación, que pode ser instalada en amplos depósitos, como para o persoal e os usuarios, que a partir deste momento contan con espazos axeitados, como a sala de consulta, o que mellora notablemente os servizos ofrecidos.